



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2022/10
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, VENRES 16 DE DECEMBRO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

MONICA VILELA VILELA

MANUEL CARAMES LOPEZ

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

JAVIER LEMA SUAREZ

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

AUSENCIAS:

TANIA ROMERO GARCIA (comunica escusa)

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

SECRETARIA: Dna. Rosa Ana García Fernández

INTERVENTORA: Dna. Mónica Iglesias Prego

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.-Aprobación da Acta da sesión anterior

2.-Mocións BNG sobre:

-Aumento período de funcionamento do Parador da Costa da Morte

-Moción en defensa da frota pesqueira Galega

-Moción polo remate da autovía da Costa da Morte , Mellora do transporte público, eliminación de

peaxes, mellora rede de comunicacións e implantación de ferrocarril de proximidade

3.- Proposta Mesa Local de Coordinación.

4.-Dar conta decretos de Alcaldía

5.-Control órganos de Goberno. Rogos e preguntas



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

1.-Aprobación acta sesión anterior.

A acta da sesión anterior queda aprobada coa abstención de Dna. Mónica Vilela e D. Manuel Caramés , xa que non estiveron presentes en dita sesión.

2.-Mocións BNG sobre:

-Aumento período de funcionamento do Parador da Costa da Morte

Previo permiso da Presidencia, intervén D. Carlos Fernández que resume o contido da moción. Seguidamente intervén Dna Sandra Vilela, voceira do grupo municipal do PP: “ Absterémonos porque cremos que en teoría pode ser positivo pero a raíz da presentación desta moción preguntamos a opinión das persoas interesada e se nos dixo que unha parte do persoal está contento con esa parada , que a necesita dende o punto de vista do descanso e por eso temos certas dúbidas. En canto ó mantemento tamén nos pasa pois manter un edificio tan espectacular dificultaría con esa apertura. Incluso o propio sector de hostelería precisa dun certo periodo de peche para descansar e outros asuntos. Pode ser unha forma de desestacionalizar o turismo pero non temos claro que eso sexa positivo ara a calidade turística deste Concello.”

Volve a intervenir D. Carlos Fdez: “ Non hai ningunha razón técnica para que se peche 3 meses ou 1,5 meses, e promover o turismo de inverso é tamén unha función deste Parador. “

O Sr Alcalde intervén: “ Votaremos a favor aínda que en xaneiro tratarase co Director do Parador, Ministerio e Presidente de Paradores este asunto que é algo que xa falei persoalmente coa Ministra xa que hai diferentes cuestión a valorar”.

Sometida a moción a votación, queda aprobada coa abstención dos integrantes do grupo municipal do PP (3) e os votos a favor do resto (6), que se recolle a continuación, e polo tanto acorda:

1.-Solicitar á sociedade Paradores de Turismo de España e ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo que o Parador da Costa da Morte aumento o seu período de funcionamento pechando un máximo de noventa días ao ano para labores de mantemento.

-Moción en defensa da frota pesqueira Galega

Previo permiso da presidencia intervén D. Carlos Fernández, que resume o contido da moción que presenta.

Seguidamente é o turno de Dna Sandra Vilela: “ Votaremos a favor pero queremos dicir que boa parte do que se recolle nesta moción xa se está a facer pola Xunta, que se puxo dende o primeiro momento ao traballo para que o Goberno Central presentase un recurso. É unha normativa que aparece pola porta de atrás porque se dicía que estaban traballando nel e aparace o regulamento sen máis.”

O Sr. Alcalde anuncia o apoio do seu grupo para “todo que sexa bo para Muxía”.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A moción sométese a votación, quedando aprobada por unanimidade dos integrantes presentes do Pleno (9), e polo tanto acorda:

1. Instar a Xunta de Galicia a:

- Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do atlántico nororiental, decretada pola CE.
- Defender a frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posibles e que de acordo do sector se consideren.
- Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.
- Defender a presenza directa de Galicia en todos os foros institucionais (políticos, executivos e científicos), a comezar polo vindeiro Consello de Ministros de Pesca da UE que terá lugar no mes de decembro.

2. Instar ao Goberno español a:

- Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola comisión Europea.
- Esixir no inmediato unha moratoria na aplicación do regulamento.
- Establecer medidas compensatorias, dialogadas co sector afectado, que en ningún caso impliquen o acceso a programas de despezamento ou exportación de buques a terceiros estados.

-Moción polo remate da autovía da Costa da Morte , Mellora do transporte público, eliminación de peaxes, mellora rede de comunicacións e implantación de ferrocarril de proximidade

Intervén, previo permiso da presidencia, o Sr Fernández Concheiro que resume o contido da moción.

Dña Sandra Vilela intervén a continuación: “ Aínda que hai matices sobre a exposición de motivos, votaremos a favor.”

O Sr Alcalde manifesta: “Votaremos a favor porque o remate da autovía é unha promesa incumplida polo PP precisa para o desenvolvemento social da Costa da Morte. A mellora do transporte público é outra evidencia e xa tiven xuntanzas como alcalde con diferentes sectores e afectados. Tamén estou de acordo coa eliminación de peaxes. Falar da implantación dun ferrocarril é cando menos un tema ridículo na moción, cando estamos a loitar para que teñamos cobertura telefónica e cando estamos sen pediatra. Existen outros foros nos que falar da implantación dun ferrocarril”

Volve a intervir D. Carlos Fernández: “ Dicir que é ridícula a petición dun ferrocarril é dicir moito, non é para poñer un tren chuc-chuc ao Parador senón un tren para a Costa da Morte, un tren de cercanías. Eso estivo aprobado en 1925 e despois outra vez nos anos 30, e se non se fixo foi polo Xefe de Estado fascista e a Guerra Civil. Se está a pedir este tren das tres C dende fai moitos anos, e non parece descabellado solicitar algo que xa se solicitaba a principios do século XX.”



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Sometida a votación a moción, resulta aprobada por unanimidade dos intergrantes presentes do Pleno (6), e polo tanto acorda:

- 1.-Demandar á Xunta de Galicia ao remate da autovía da Costa da Morte e a conexión da mesma ao Porto de Brens, tal e como se proxectou inicialmente e ao polígono industrial de Vimianzo.
- 2.-Demandar á Xunta de Galicia a eliminación das peaxes existentes na autovía Carballo-A Coruña, en todos os seus tramos.
- 3.-Demandar á Xunta de Galicia un novo plan de transporte público, cunha nova planificación das conexións para a Costa da Morte, que mellore en rutas e tempos e amplie o número de paradas nos núcleos rurais da comarca.
- 4.-Instar á Xunta de Galicia a iniciar xa os estudos de viabilidade dun servizo ferroviario de proximidade para a Costa da Morte.
- 5.-Demandar á Xunta de Galicia o impulso e execución dun plan de mellora das telecomunicaicóns e de dixitalización na comarca, acelerando a finalización dunha rede de fibra óptica que chegue a todo o rural.
- 6.-Dar conta deste acordo ao Presidente da Xunta e a todos os grupos políticos do Parlamento de Galicia.

3.- Proposta Mesa Local de Coordinación

O Sr Alcalde explica brevemente o contido da Proposta favorablemente dictaminada pola Comisión informativa.

Sen xerarse debate e por unanimidade dos membros presentes, o Pleno acorda:

Primeiro: Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:

Presidencia:

- O Alcalde do Concello de Muxía D. Santiago Toba ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, que a presidirá.

Vogais:

Concelleiros/concelleiras con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero

- Persoal do centro de información ás mulleres-CIM: Isabel Rodríguez e Soledad Agra
- Persoal dos servizos sociais municipais: Gonzalo Saborido e José Canosa
- Representante da policía local: Jose Manuel Blanco
- Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica)
- Un Representante dos centros educativos
- Representante dos servizos sanitarios (centro Saúde, Hospital V.X.)
- Representante do eido xurídico

Secretaria:

- Dna. Soledad Agra Tuñas



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Segundo: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

4.-Dar conta decretos de Alcaldía

A Secretaria manifesta que se da conta ao pleno dos decretos de Alcaldía dictados entre o 6 de outubro 2022 ata o 12.12.2022 (iclusives). O pleno queda enterado.

De acordo co establecido no ROF, o Sr Alcalde pregunta se algún grupo quere presentar , por urxencia algún asunto, manifestando Dna Sandra Vilela que desexa presentar unha moción que considera urxente pola situación que se está a dar no CEIP de Os Muiños ao coller vacacións a empregada que está a facer as tarefas de conserxería. Cremos que isto non pode seguir así, coa falta de organización, previsión etc, co CEIP de Os Muiños, e cremos que é urxente”

Sometida a urxencia da moción a votación, votan en contra os integrantes do grupo municipal do PSOE (3) e a favor o resto dos concelleiros/as presentes (6), polo que lograda a maioría absoluta dos votos ao respecto pode debatirse a moción.

Dna Sandra Vilela procede á lectura da **moción PARA QUE SE ATENDAN AS NECESIDADES E RESTABLEZA A RELACION CO CEIP DE OS MUIÑOS**, que dí “conta co apoio da Directora do Centro e outras persoas.”

Intervén a continuación D. Carlos Fernández: “ O que me leva a votar a favor da urxencia é crer que é unha petición que debe tratarse o antes posible, que é razoable e non creo que pida cousas imposibles.”

Dna Mónica Vilela manifesta: “ Votaremos tamén a favor e quero dicir que cando hai un problema nun colexio e quen goberna non escoita recorren a outros partidos. Nós tamén o fixemos no seu día e tratándose de nenos non debe ser doutra forma. Se o concelleiro que representa ao Concello non pode ir aos Consellos Escolares, hai un suplente que pode ir.”

O Sr Alcalde intervén dando lectura aos nomes dos asinantes da moción.

Volve a intervenir Dna Sandra Vilela: “Trátase de persoas relacionadas coa ANPA e co colexio, aos que fixemos partícipes do problema . O PP presentou en 2021 unha petición dun pleno extraordinario para comentar este problema, e por ignorar o Concello ao centro educativo surxíu o das sinaturas. Pensa vostede facer algo ao respecto deste asunto? Taparás as goteiras?. Limpará os canalóns?”



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Intervén D. Carlos Fdez>: “ O que acabas de facer nomeando as persoas que apoian a petición é grave. Todos somos cidadáns de Muxía, sexamos do partido que sexamos e votemos a quen votemos, e teñen dereito de reclamar ao Concello. Esa xente é a Directora do Colexio do CEIP de Os Muíños, representantes do Consello escolar e ANPA, e non me importan os seus nomes.”

Sometida a votación a moción, queda aprobada cos votos en contra do grupo municipal do PSOE (3) e os votos a favor do resto dos integrantes do Pleno (6).

Recóllese o contido da moción a continuación, e polo tanto instar ao Concello de Muxía a:

- Restablecer as comunicación do Goberno Local coa dirección do CEIP de Os Muíños.
- Atender todos os partes de traballo que o CEIP de Os Muíños ten remitido ó Concello de Muxía de xeito inminente (como os problemas de goteiras no ximnasio, limpeza de canais, etc)
- Que dende a aprobación deste acordo os futuros partes de traballo sexan atendidos con regularidade.
- Que o concelleiro D. Javier Romar, representante do concello no consello escolar do CEIP de Os Muíños, acuda de xeito habitual aos consellos escolares atendendo as peticións que no mesmo selle traslada.
- Solucionar os problemas existentes coa conserxería, establecendo un sistema que permita que a dirección do CEIP Os Muíños poda ter claro cal é o funcionamento do mesmo.
- Establecer un sistema de conserxería que de servizo ao centro durante todos os días e periodos que este permanece aberto.
- Que se lle indique á ANPA “O Facho” cal é a aula que teñen dispoñible e se lle faciliten as chaves na antiga escola de Os Muíños para que podan de xeito inmediato ter un espazo nos que organizarse, recibir país, gardar materiais, etc...É dicir, realizar as labores propias dunha asociación das súas características.

5.-Control órganos de Goberno. Rogos e preguntas

Non se producen.

Ás 21:30 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, mércores 18 de xaneiro de 2023

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña